



N.º expediente: 2023/G003/001781

**DECRETO DA ALCALDÍA. Ampliación horarios dos establecementos abertos ao público durante as Festas do Entroido, da Semana Santa e do Nadal.**

Vista a ORDE do 23 de outubro de 2020 da **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO** pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (DOG 30 de outubro de 2020).

De acordo co establecido na referida orde, no Artigo 9. Ampliacións de horarios (que se transcribe):

*“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.*

*2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*

*3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.*

*4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*



# CONCELLO DE SANTA COMBA

*Terra de Xallas*

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716  
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.”

Considerando que de acordo co establecido no artigo 21 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como no artigo 9.2 da referida ORDE do 23 de outubro de 2020 da **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**, esta alcaldía é competente para establecer os días en que se poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

## **RESOLVO:**

**Primeiro:** Ampliar en dúas horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas nas seguintes festas:

**Entroido:** durante o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos.

**Semana Santa:** durante o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos.

**Nadal:** durante o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

Sin perxuízo de que posteriormente se poida decretar a ampliación do horario durante a celebración das festas e verbenas populares.

Este decreto terá vixencia ata que quede derogado.

**Segundo:** Comuníquese á comandancia do posto da Garda Civil de Santa Comba e á Policía Local.

**Terceiro:** Divúlguese para xeral coñecemento dos afectados a través dos medios dixitais dos que dispón este Concello.

En Santa Comba, na data da sinatura dixital.  
O alcalde,  
Alberto Romar Landeira



# CONCELLO DE SANTA COMBA

*Terra de Xallas*

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716  
Web: [www.santacomba.es](http://www.santacomba.es) eMail: [correo@santacomba.dicoruna.es](mailto:correo@santacomba.dicoruna.es)

Dou fe, a secretaria,  
Cristina Alonso Losada